

CANDO falamos de precariedade no traballo asociamos esta condición a todo un marco de desprotección que vivimos como clase traballadora, e que experimentamos nos diferentes ámbitos das relacións laborais. A indefensión ante o despedimento libre so asistido dunha indemnización cada vez mais reducida polas reformas, indefensión ante o fraude continuado nos modos de contratación, ante uns salarios deprimidos na súa capacidade adquisitiva polos pactos asinados estes anos en Madrid entre a patronal e o sindicalismo español, ante as prácticas abusivas e a veces delictiva das Mutuas contra a nosa saúde e tamén indefensión ante os continuos recortes da protección social, dos nosos dereitos de pensión e das coberturas da Seguridade Social.

Estas son diferentes caras da precariedade, mais acusadas en Galiza por razón da nosa dependencia política e porque a ausencia de soberanía, non nós concede instrumentos para legislar en favor das nosas traballadoras e traballadores. Constantemente vemos as distintas estatísticas de salarios, pensións, temporalidade, desemprego ou emigración dos nosos mozos e mozas, que referendan de maneira sistemática o peor e mais preocupante da nosa realidade social e laboral. Os propios datos de Facenda delatan situacións de pobreza real que afectan hoxe a mais do 15% da nosa poboación. Por tanto compre con urxencia o Marco galego de Relacións Laborais con plenas competencias, para dignificar as condicións de traballo e de vida no noso País.

O Goberno do PSOE non modificou as magnitudes da precariedade nin procurou subxectivamente capitalizar dereitos sociais e laborais en favor da clase traballadora, ou cando menos asegurar permanencia e estabilidade dos dereitos xa acadados e un reparto menos ofensivo e mais xusto da riqueza que crea o propio mundo do traballo. Contrariamente ao longo deste mandato foron sucedéndose as mesmas reformas de sempre, recorte de pensións e diminución das indemnizacións por despedimento, a maiores de incentivar os Pactos de contención salarial para maior beneficio e rendibilidade das empresas e empobrecemento dos salarios.

Os datos de Facenda indican que a pobreza real afecta hoxe a mais do 15% da poboación.

Na protección social a reforma que se aprobará antes do verán no parlamento do Estado, negociada cos empresarios e os sindicatos UGT e CCOO, retrocede en dereitos universais ameazados polo interese do neoliberalismo para converter as prestacións públicas en negocio privado. O computo para o acceso á pensión endurecese ao non ter en conta as pagas extras, excluindo a un 3% de demandantes do dereito á pensión, maioritariamente mulleres polos traballos a tempo parcial. Discrimina aos temporais dos fixos no caso da xubilación parcial ao esixir 6 anos de antigüidade na empresa e 30 anos de cotización, e estimula con fondos públicos o retraso na xubilación e continuación no traballo logo dos 65 anos.

GALIZA NACIÓN, AUTODETERMINACIÓN.



Na mesma calidade da protección social a actuación das Mutuas cobra unha dimensión alarmante, os abusos continuados na negación e recoñecemento das baixas por accidente laboral, a xestión de altas indebidas cando a persoa non está completamente curada; acontece pola permisividade e tolerancia do Goberno que non instrúe medidas de control a traveso do INSS para frear estas prácticas de acoso. Moi ao contrario parece incentivalas coa transferencia de competencias e privatización de servizos que nestes últimos anos se derivaron ás Mutuas.

Neste 1º de Maio día do Internacionalismo proletario como sempre manifestamos a nosa confianza en que a clase traballadora é suxeito da transformación e da conquista dos dereitos universais no traballo e de todas as medidas de protección e alcance social. No sindicalismo Galego non vendemos estes dereitos nin trucamos a realidade diante de ningunha nova forma de Pacto ou diálogo social. A nosa loita é de toda clase traballadora Galega polos nosos dereitos de soberanía política e de liberación social.

1º maio

Manifestacións

Comarca:

Vigo

Coruña

Santiago

Pontevedra

Ferrol

Lugo

Ourense

A Mariña

Hora:

ás 12 h.

ás 12 h.

ás 12,30 h

ás 12,30 h.

ás 12 h.

ás 12,30 h.

ás 12 h.

ás 12 h.

Saida dende:

Cruce da Doblada

Praza de Vigo

Praza Roxa

Praza da Ferrería

Avda. de Esteiro (local da CIG)

Ronda da Muralla (edificio sindical)

Pavillón dos Remedios

Praza de Lugo en Viveiro

GALIZA NACIÓN, AUTODETERMINACIÓN.



CIG
Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.com